

## Enquisas de satisfacción

(aprobadas na Comisión Permanente da EIDO do 29/09/2016)

Sexo

Nacionalidade

Dispón de bolsa ou contrato para realizar os estudos

Universidade na que finalizou os estudos previos á matrícula no programa de doutoramento

Dedicación maioritaria no programa: tempo completo/parcial

### Estudantes 1º ano

---

#### Sobre a información xeral do programa

1. A información pública na web sobre o programa (obxectivos, requisitos formativos, cadro docente, liñas de investigación) foi satisfactoria.
2. Coñezo o sistema de bolsas/contratos para o alumnado de doutoramento (etapa de formación, mobilidade).

#### Sobre os procedementos administrativos

3. O proceso de matrícula estivo ben organizado.
4. Os procedementos informáticos relativos á proposta e aprobación dos documentos de actividades formativas foron satisfactorios.
5. Os procedementos informáticos relativos á proposta e aprobación dos plans de investigación foron satisfactorios.

#### Sobre os axentes implicados

6. Estou satisfeito/a co labor do/a coordinador/a do programa.
7. Estou satisfeito/a co labor do/a meu/miña titor/a.
8. Estou satisfeito/a co labor do/a/s meu/miña/s director/a/s de tese.
9. O profesorado do programa fomenta a crítica científica e maila actividade investigadora.
10. Estou satisfeito/a co labor do personal administrativo do Centro (Facultade, Escola).
11. Estou satisfeito/a co funcionamento da Sección de Posgrao da UVigo.

#### Sobre os recursos

12. O programa dispón dos medios materiais, bibliográficos e de investigación necesarios para o desenvolvemento satisfactorio da miña tese.
13. Os espazos de traballo (para doutorandos/as, biblioteca, laboratorios, etc.) son axeitados.

#### Sobre a oferta formativa

14. Elixín este programa pola súa relación cos meu obxectivos profesionais.
15. En xeral, estou satisfeito/a co programa de doutoramento.

### Estudantes 3º ano

---

#### Sobre a información xeral do programa

1. A información pública na web sobre o programa (obxectivos, requisitos formativos, cadro docente, liñas de investigación) foi satisfactoria.
2. Estou satisfeito/a coa información proporcionada sobre as modalidades de presentación da tese (tradicional ou por compendio de artigos).
3. Estou satisfeito/a coa información proporcionada sobre a mención internacional.
4. Coñezo o sistema de bolsas/contratos da etapa de formación para o alumnado de doutoramento.
5. Coñezo o sistema de bolsas/contratos para o investigadores/as posdoutorais.
6. Facilitouse información sobre saídas profesionais tralo doutoramento.

#### Sobre os procedementos administrativos

7. O proceso de renovación da matrícula estivo ben organizado.

8. Coñezo os trámites administrativos que debo seguir antes de defender a miña tese.
9. Os procedementos informáticos relativos á proposta e aprobación dos documentos de actividades formativas foron satisfactorios.
10. Os procedementos informáticos relativos á proposta e aprobación dos plans de investigación foron satisfactorios.
11. Os procedementos relativos ás avaliacións anuais foron satisfactorios.

#### **Sobre os axentes implicados**

12. Estou satisfeito/a co labor do/a coordinador/a do programa.
13. Estou satisfeito/a co labor do/a meu/miña titor/a.
14. Estou satisfeito/a co labor do/a/s meu/miña/s director/a/s de tese.
15. O profesorado do programa fomenta a crítica científica e maila actividade investigadora.
16. Estou satisfeito/a co labor do personal administrativo do Centro (Facultade, Escola).
17. Estou satisfeito/a co funcionamento da Sección de Posgrao da UVigo.
18. Estou satisfeito/a co funcionamento da Escola Internacional de Doutoramento (EIDO) da UVigo.

#### **Sobre os recursos**

19. O programa dispón dos medios materiais, bibliográficos e de investigación necesarios para o desenvolvemento satisfactorio da miña tese.
20. Os espazos de traballo (para doutorandos/as, biblioteca, laboratorios, etc.) son axeitados.

#### **Sobre a oferta formativa**

21. O tema da miña tese respondeu as miñas expectativas.
22. O programa aportoume coñecementos novos, precisos e actualizados.
23. A oferta formativa do programa (cursos, seminarios, etc. obrigatorios e/ou complementarios) foi satisfactoria, de interese e de calidade.
24. Elixín este programa pola súa relación cos meu obxectivos profesionais.
25. O programa abriume novas perspectivas cara á miña inserción laboral.
26. O meu esforzo e dedicación foron suficientes para a miña investigación.
27. En xeral, estou satisfeito/a co programa de doutoramento.
28. Coa información da que dispoño nestes momentos, volvería a elixir este programa para realizar estudos de doutoramento.